

ción do anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, e por un período de 15 días hábiles.

-Aprobar o prego de bases que rexerá esta convocatoria. Estes pregos estarán á disposición dos interesados na sede central do ente público Portos de Galicia, sita na praza de Europa, 5-A, 6º, 15707 Santiago de Compostela, na sede da Zona Sur deste ente público, sita na rúa Benito Corbal, nº 37-3º, 36001 de Pontevedra e na páxina web de Portos de Galicia www.portosdeg Galicia.com.

As autorizacións de prestación do servizo de pasaxe outorgaranse en base o prego de bases que rexe a convocatoria.

Ábrese, así mesmo, un prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas e entidades interesadas poidan presentar por escrito na sede central de Portos de Galicia as alegacións que consideren oportunas relativas a esta convocatoria.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2009.

Jacinto Parga Fernández
Presidente de Portos de Galicia

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Anuncio do 18 de febreiro de 2009 polo que se somete a información pública e consultas o proxecto sectorial do parque empresarial de Val do Tea-Ponteareas (Pontevedra) e o informe de sustentabilidade ambiental do proxecto sectorial do parque empresarial de Val do Tea-Ponteareas (Pontevedra).

En cumprimento do disposto no artigo 25 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e no artigo 13 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal; na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente; na Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia e tendo en conta o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 31 de xullo de 2008 sobre o inicio dos trámites para deixar sen efecto o Plan sectorial de ordenación de áreas empresarias na Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de maio de 2004, sométese para os efectos e durante os prazos que logo se precisan, a seguinte documentación:

-Proxecto sectorial do parque empresarial de Val do Tea-Ponteareas (Pontevedra) e informe de sustentabilidade ambiental do proxecto sectorial do parque

empresarial de Val do Tea-Ponteareas: sométese a información pública e consultas polo prazo de dous meses contados a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia; da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia e da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

Durante os prazos referidos, calquera persoa poderá examinar a dita documentación, en horario de oficina, nas dependencias da Consellería de Vivenda e Solo, sitas no polígono das Fontiñas, Área Central, s/n, en Santiago de Compostela e no Concello de Ponteareas e presentar ante esta consellería as alegacións, documentos e xustificacións que coide pertinentes. Así mesmo, a expresada documentación poderá consultarse na páxina web da Consellería da Vivenda e Solo.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2009.

Daniel Pino Vicente
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 4 de febreiro de 2009, da Dirección da Área Sanitaria de Ferrol, pola que se anuncia a licitación, por procedemento aberto, para a contratación do servizo de mantemento de ordenadores persoais, impresoras e outros periféricos da Área Sanitaria de Ferrol AB-ASF1-09-004.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Servizo Galego de Saúde. Área Sanitaria de Ferrol.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Subministracións (Unidade de Contratación).

c) Número de expediente: AB-ASF1-09-004.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: servizo de mantemento de ordenadores persoais, impresoras e outros periféricos da Área Sanitaria de Ferrol.

b) División por lotes e número: lote único.

c) Lugar de execución: Área Sanitaria de Ferrol.

d) Prazo de execución: 24 meses desde a formalización do contrato.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria